



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Avda. da Cultura s/n-36680 A Estrada (Pontevedra)
Tel. 886-152506/Fax 886152592



XUNTA DE GALICIA Saída 261 / RX 1137363

REGISTRO DA AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS (AXEGA)
SANTIAGO DE COMPOSTELA Data 26/08/2020 13:58:07



[Redacted] - Labrada
27380 – Guitiriz (LUGO)

Asunto: Petición Información

Ref: Incendio Tractor (17/08/20) – Guitiriz (Lugo)

En resposta ao pedimento de referencia, e de conformidade cos datos que obran no Centro Integrado de Atención ás Emerxencias, CIAE, 112 Galicia, **achégase a información solicitada sobre relación de Administracións e/ou servizos alertados por mor do incendio dun tractor no concello de Guitiriz (Lugo):**

- 1- Dende o CIAE 112 Galicia, ás 16:13 horas, infórmase aos Bombeiros de Vilalba que sinalan que saen para o punto.
- 2- Dende o CIAE 112 Galicia, ás 16:16 horas, infórmase á Garda Civil, que envían patrulla.
- 3- Recíbese no 112 chamada dos Bombeiros de Vilalba, ás 16:16 horas, para que se informe a medios máis próximos, porque os bombeiros están a media hora e é posible que non poidan acceder co camión ata o punto.
- 4- Dende o CIAE 112 Galicia, ás 16:16 horas, infórmase á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Guitiriz, que indican que van consultar co Concello e informarán.
- 5- Dende o CIAE 112 Galicia, ás 16:17 horas, inténtase contactar coa Policía Local Guitiriz pero salta o contestador.
- 6- Chama a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Guitiriz, ás 16:23 horas, indicando que non hai persoal no Concello para saír ao incendio.
- 7- Chaman os Bombeiros de Vilalba, ás 16:24 horas, e informan que tardarán sobre 35 minutos e solicitan que avise a medios de Guitiriz. Dende o CIAE 112 Galicia infórmase que non hai medios no Concello. Os bombeiros solicitan falar co particular para indicarlle que os esperen na Igrexa de Labrada para despois levalos ata o lugar exacto.
- 8- Recíbese chamada dos Bombeiros de Vilalba ás 17:48 horas. Informan que volven para o parque e indican que ardeu o tractor por completo.

O que se comunica aos efectos que procedan.

A Estrada, 26 de agosto de 2020

O xerente da Axencia Galega de Emerxencias

